



SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO GRAO EN HUMANIDADES NOS MUSEOS PROPIOS E XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG nº 273 do 10 de febreiro de 2015), no exercicio das súas competencias que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra parte, Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-655005J que actúa en nome e representación da mesma no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro polo que se outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios no nome da Universidade.

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar a presente Addenda e, para os efectos.

MANIFESTAN

Primeiro. Mediante convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña o 28 de setembro de 2012 acordouse a colaboración para a realización de prácticas académicas externas do alumnado do Grao en Humanidades.

Segundo. Posteriormente, e dada a oferta de prazas de prácticas académicas externas no **Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas** estímase oportuno ampliar o ámbito de aplicación deste convenio coas devanditas prácticas.

Terceiro. Como consecuencia do exposto, realizouse unha modificación do convenio de colaboración que afectou exclusivamente ás cláusulas primeira, segunda e terceira.

Cuarto. Con motivo desta modificación incluímos de oficio no anexo II ao Museo Pedagógico de Galicia por tratarse dun museo creado e xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Universitaria. Pouco despois o Museo Pedagógico de Galicia solicitou de forma expresa a adhesión a este convenio.

Para normalizar a situación e incorporar a todos os museos propios e xestionados pola consellería consideramos que sería necesario incluír tamén ao Museo do Mar de Galicia en Vigo, museo financiado pola Xunta de Galicia a través da Fundación Pública Museo do Mar.

Por todo isto, as partes acordan formalizar unha addenda ao anexo II do convenio de colaboración con suxeición ao seguinte:

Modifícase o Anexo II do convenio de colaboración que quedará redactado da seguinte forma:

Relación de museos nos que poderán desenvolverse as prácticas externas do alumnado do Grao en Humanidades e do Máster Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da Universidade da Coruña.

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

MUSEO MASSÓ DE BUEU (PONTEVEDRA)

MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)

MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

MUSEO DO MAR DE GALICIA EN VIGO (PONTEVEDRA)

Quinto. As restantes cláusulas do convenio, en tanto non queden afectadas por esta addenda, permanecen invariables e manteñen plena vixencia.

En proba de conformidade cos termos da presente addenda as dúas partes asinan por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, a de 2015

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Xosé Luís Armesto Barbeito

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Román Rodríguez González